



SESIÓN VERMÚ “AS MÚSICA DE JOSÉ GIL”

CONCERTO HOMENAXE A JOSÉ GIL NO PORRIÑO. Sábado, 10 xuño 2023.

Lugar: PRAZA ANTONIO PALACIOS. HORA 13:00 a 14:00

Elaborado e dirixido por **David Trastoy Oseira**
Interpretado pola **Banda de Música de O Porriño**

PROGRAMA:

1.- “**Pasodobre Porriño**” de Rogelio Groba (Ponteareas, 1930-2022). Música popular galega que evoca a aldea e a humilde casa onde nace José Gil en Rubiós (As Neves) en 1870, así como os seus inicios na Banda popular da súa patria da infancia, percorrendo festas e romarías do Condado e Paradanta ou Porriño. David Trastoy tamén dirixe a Banda de Rubios.

2.- “**Alborada**” de Pascual Veiga (Mondoñedo, 1842-1906). As atrasadas cidades galegas do XIX espertan grazas o ferrocarril. O rexionalismo tamén se insire na música culta e desenvolve a mirada cara nós e as raíces da música galega. Nesta canción evocamos o descubrimento de Galicia polo fotografo Gil en Lugo, Ourense, Vigo, etc. Todas as artes en Galicia intentan modernizarse. Gil comeza a filmar películas coa súa cámara de cine en 1909.

3.- “**Nocturno**” de Frédéric Chopin (Polonia, 1810-1849). Coa peza evocamos a afección das fillas de Gil pola música que habitaba na súa feliz casa viguesa da rúa Príncipe, que recende a música. Lembramos aquí o ambiente dunha casa melómana, onde as fillas tocan unha e outra vez o violín e o piano perfectamente afinados por Gil. O músico polaco falecerá da mesma enfermidade que as fillas de José Gil.

4.- “**Balada Galega**”. Juan Montes (Lugo, 1840-1899). Lembramos aquí a morte das súas tres fillas: María, Rosa e Xosefa, aos 18 anos, por tuberculose. As tres visitas da morte enchen a casa de sombra e dor no corazón do cineasta, ata a súa aniquilación persoal e profesional pola perda dos seus “tesouros” como chamaba ás nenas.

5.- “**Mozos do Penedo**” de Manuel Nóvoa (Rubiós, 1911-1973). A muiñeira evoca a afouteza de Gil a pesares da traxedia persoal vivida. Adícase ao cinema en exclusiva e retorna como cineasta a Vigo Filmar faille esquecer a súa tristura e a vida retorna aos poucos. Semella que ten gañada a inmortalidade que outorga o cinema. A canción evoca a súa resiliencia e afouteza, mentres segue a vivir na escuridade pola perda das fillas. Aquela tristeza profunda esvaece lentamente grazas ao cinema. Será o seu refuxio e o alento para vivir.

6- “**Obertura Tannhauser**” de Richard Wagner (Alemaña, 1813-1884). O día 1 de xaneiro de 1937 fina José Gil, arruinado e case en soidade en Vigo. Ao día seguinte fixo a súa derradeira viaxe en coche nunha sinxela caixa de pino para reunirse definitivamente coas súas adoradas fillas no cemiterio de Pereiró. O enterro foi moi modesto e con escasa asistencia popular. Mentres, á mesma hora, uns metros mais abaixo, no Teatro García Barbón, escoitábase o **Tannhäuser** de Wagner interpretado pola orquestra dos Requetés de Pamplona. O teatro resplandecía ateigado polas autoridades locais, os Bispos de Madrid-Alcalá e de Tui e o máis granado e chic da burguesía viguesa coa roupa de gala, entre bandeiras da Alemaña nazi, Italia fascista, Falange Española e sobre todo, o emblema dos Requetés “*con un sinfín de boinas rojas*”.

7- “**Himno galego**”. Pascual Veiga (Mondoñedo, 1842-1906). Escoitado por Gil en numerosos actos ao longo da vida. Representa o amor que Gil sentía pola súa patria a partir do “*cinema rexional Galego*”. A peza recupera a súa memoria no Olimpo da cultura galega.

Twitter: [@josegilcinema](#) Instagram: [@josegilcinema](#) Facebook.: [@josegilcinema](#)

Youtube: [@josegilcinema](#) Tiktok: [@josegilcinema](#)

Mastodon: [@mastodon.gal@josegilcinema](#) www.josegilcinema.gal



CINEMÓBIL2 (1929)



CINEMÓBIL3 (2023)